



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Estratexias para a eliminación de estereotipos de xénero no exercicio da actividade profesional

**CONVOCATORIA:** Convocatoria Igualdade

**GRUPO:** Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

**ÁREA:** Igualdade e violencia de xénero

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	15
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2022
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 19/03/2022 - 08:00h ao 01/04/2022 - 23:55h

**RESPONSABLE:** ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

-Dar a coñecer a existencia dos estereotipos de xénero para tomar conciencia da profunda influencia que exercen na vida de mulleres e homes e da necesidade da súa erradicación para unha mellor actividade profesional e contribuír a igualdade real e efectiva entre xéneros.

Obxectivo específico:

-Entender o sistema sexo-xénero e a socialización diferencial como base para comprender o concepto de estereotipos de xénero e a súa transmisión.

-Coñecer os mecanismos polos que operan os estereotipos de xénero na vida cotiá de mulleres e homes desde idades moi temperás, e que sitúan ás mulleres en situación de desigualdade.

-Comprender a extensión da súa influencia tamén ao ámbito profesional.

-Achegar pautas básicas e estratexias para comprometerse coa erradicación dos estereotipos de xénero e liberarse da súa influencia no ámbito profesional.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

### PROGRAMA

-Contextualización e conceptos básicos de referencia: Sistema sexo-xénero.

Socialización diferencial. Roles e estereotipos de xénero.

-Mitos e prexuízos. Detección e formas de transmisión.

-A asignación de estereotipos como discriminación de xénero.

-Ámbitos da vida cotiá nos que se manifestan estereotipos de xénero (educación, saúde, emprego, familia, formación, etc) e como afectan as persoas.

-Propostas de acción para contrarrestar os estereotipos de xénero (e a discriminación que implica), con especial incidencia na actividade profesional.

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 19/09/2022 a 26/09/2022

**NUM. PRAZAS:** 24

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:** 26/09/2022 ás 19:00h

### DOCENTES NOMEADOS

M. CARMEN RIVAS FERNANDEZ

### LUGAR DE REALIZACIÓN

**AULA 8:** Os días 19, 20, 21, 22 e 26 de setembro de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA